

Resolución do 25 de xuño de 2024 pola que se amplía o crédito e o prazo de xustificación da Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301D).

O 29 de xaneiro de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 20) a Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301D).

O artigo 4 da Resolución do 26 de decembro de 2023, citada, establece que as subvencións reguladas ao abeiro desta resolución financiaranse con cargo á conta financeira 6566 (subvencións de capital a corporacións locais) da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, por importe de trescentos mil euros (300.000,00 €).

O artigo 5 da Resolución do 26 de decembro de 2023 prevé a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A ampliación de crédito queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

O 6/06/2024 o conselleiro de Facenda e Administración Pública (PD Orde 15/12/2021, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos) resolveu autorizar unha modificación orzamentaria da entidade pública empresarial Augas de Galicia por importe de tres millóns trescentos noventa e sete mil novecentos sesenta e sete euros con vinte e seis céntimos, autorizados para ampliar o crédito dispoñible para a Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301D).

Consonte ao exposto, actualmente na aplicación orzamentaria correspondente existe crédito dispoñible polo que se considera oportuno ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente e incrementar o importe total da axuda convocada.

Por outra banda, o artigo 22 da citada Resolución do 26 de decembro de 2023 establece que o prazo para presentar a documentación xustificativa será o seguinte:

1. O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención rematará o 8 de outubro de 2024, sen prexuízo de que se poida presentar a dita documentación con anterioridade para a súa tramitación.

O artigo 45.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación



do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá da metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Asimesmo, cómpre remitirse ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se indica que a ampliación poderá acordarse de oficio ou a instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellasen.

As bases reguladoras non conteñen precepto en contra da ampliación do prazo de xustificación e a súa vez a ampliación do prazo non causa prexuízo a terceiros.

Así pois, tendo en conta o momento no que se autorizou a modificación orzamentaria e considerando que se cumpren as premisas que establece o artigo 45.3 antes citado, considérase necesario ampliar o devandito prazo de xustificación das actuacións subvencionadas, co fin de facer viable o proceso de execución dos investimentos subvencionados.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada e tendo en conta todo o exposto,

RESOLVO:

Artigo 1

Amplíase o importe total do crédito das subvencións establecidas na Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrência competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301D).

Na seguinte táboa detállase o crédito definitivo

Crédito	Conta financeira	Importe
Inicial	6566 (subvencións de capital a corporacións locais)	300.000,00 €
Ampliación	6566 (subvencións de capital a corporacións locais)	1.008.375,24 €
Total		1.308.375,24 €

Esta ampliación de crédito non afecta ao prazo establecido no artigo 8 da Resolución do 26 de decembro de 2023 para presentar as solicitudes de subvención, nin supón o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

Artigo 2

Modifícase o número 1 do artigo 22 da Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrência competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a



detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301D), que queda redactado como segue:

“1. O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención rematará o 4 de novembro de 2024, sen prexuízo de que se poida presentar a dita documentación con anterioridade para a súa tramitación.”

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos consonte o previsto no artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A presidenta de Augas de Galicia

PD. O director de Augas de Galicia

(Disposición adicional primeira da Resolución do 26.12.2023, DOG do 29.1.2024)

Roi Fernández Añón

